

Á vista do escrito do Director do Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR) da Universidade de Santiago de Compostela, D. Xosé Manuel Santos Solla, de 26 de abril de 2012 polo que manifesta a súa disposición a recibir a alumnos/as en prácticas da titulación do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio, impartida na Facultade de Xeografía e Historia, esta REITORÍA

-Considerando que na Facultade de Xeografía e Historia se imparten a titulación de *Grao en Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio*. Nesta titulación recóllese a posibilidade de que os alumnos realicen prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas de ata 6 créditos ECTS, 150 horas (1 crédito por cada 25 horas). Con estas prácticas preténdese que os estudantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que o Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR) arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos da titulación de Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio da Facultade de Xeografía e Historia, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.

## RESOLVE

1. Autorizar a realización de prácticas de alumnos/as do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio nas instalacións do Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR) da Universidade de Santiago de Compostela.

O número de prazas ofertadas fixarase en cada convocatoria de acordo co coordinador de prácticas da titulación e o Director do Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR).

o obxecto das prácticas a realizar será a capacitación dos estudantes no mundo da Investigacións turística.

2. Establecer que o réxime das practicas será o seguinte:
  - Durante o período de setembro a xuño as prácticas que realicen os alumnos constarán de 30 horas semanais. Por norma xeral non se farán prácticas por vacacións do persoal no mes de agosto. Computarase un crédito por cada vinte e cinco ho de prácticas, sen poder superar o límite de 150 horas para o Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio que establece o plano de estudo para estes efectos. Estes créditos recoñeceranse como optativos segundo o establece o plano de estudo.
  - Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión de Docencia destas titulacións de acordo coa Dirección do Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR), e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
  - Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
  - Estas prácticas non comportarán compensación económica e non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.

- Os alumnos que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Comisión de Docencia da titulacións de Xeografía e Ordenación do Territorio nomeará a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR) nomeará a un titor desta área que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaráase a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas do Centro de Estudos e Investigacións Turísticas.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.  
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Centro de Estudos e Investigacións Turísticas Biblioteca Universitaria emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.  
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2012

O REITOR



José Casares Long

**SR. DECANO DA FACULTADE DE XEOGRAFIA E HISTORIA**  
**SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA**  
**SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**  
**SR. DIRECTOR DO CENTRO DE ESTUDOS E INVESTIGACIONES TURISTICAS.**